

18 COMIDAS

Jorge Coira, 2010

1688

ESTREA EN NUMAX: 28.02.2026 | V.O. | +101 min

“18 comidas” conta seis historias ao longo dun único día en Santiago de Compostela. Unha película de formato pouco convencional -con guión pero con diálogos abertos á improvisación-, que viaxa a través de dezoito comidas -almorzos, xantares e ceas- que nos fan partícipes dalgúns deses intres que poden cambiar unha vida...

O pase contará con presentación e coloquio do seu autor.

«Bendita sorpresa. Unha obra estupenda, por momentos moi divertida, con intres desgarradores, sempre moi viva e absolutamente xenuína»

Javier Ocaña, EL PAÍS



Entrevista con Jorge Coira: «'18 comidas' é unha peli con moita alma, moito corazón»

Por Javier Olivares León

Quen lle ía a dicir hai 30 anos, cando empezou, que hoxe ía traballar a distancia, mesmo para montar películas? É un cambio radical. E, de feito, a min iso aféctame especialmente. En 1990, cando empecei a pensar nisto, era de inxenuos crer que podería ficar a traballar na miña terra: non había ningún director de cinema galego que puidese vivir en Galicia. Salvo que fose tamén produtor ou farmacéutico, como Chano Piñeiro. Os directores de cinema galegos, ou vivían fóra ou tiñan outros ingresos. Eu pensaba: “Se algún día teño que marchar de aquí, fareino, pero aquí teño a miña familia, o meu universo”. E grazas a esta evolución é posible hoxe vivir en Galicia e facer series que ven en todo o mundo.

Débelle moito ao seu irmán Pepe, non? Si, sen dúbida. Cando era un rapaz empecei a soñar con ser director de cinema e el tivo unha influencia decisiva: empezoume a regalar libros. Somos sete irmáns, e o único que quería tirar por aí era el, un enorme cinéfilo. Lérame oito anos.

Se vostede ten un Goya en montaxe por *El desconocido* (Dani da Torre) foi grazas aos seus consellos? Pois si. Tiña eu 17 ou 18 anos, e estaba a montar unha curta que fixeramos no instituto. De VHS a VHS, dando ao play e ao rec, unha chapuza total. Cando llo ensinei díxome que estaba a saltar o eixo. A partir de aí, lembro estar en clase no instituto facendo diagramas, imaxinando onde mira quen. Porque o eixo é no fondo un concepto moi sinxelo: cando estás a falar de dúas persoas... son tres. Teño a sensación de que, a día de hoxe, ségueme influíndo moito. Agora saltou moitísimo, pero a vontade e con seguridade.

En cal das súas películas puxo moita ilusión e non tivo unha acollida á altura? Quizá a primeira, *O ano da carracha*. Por unha banda, téñolle moito agarimo por ser a primeira, pero ao mesmo tempo eu son consciente de que estaba moi verde. Tiña 31 ou 32 anos e teño a sensación de que non fun suficientemente flexible e rico. A película podería ser moito mellor, non por falta de medios, senón porque non estaba na miña salsa aínda.

O elenco era moi galego: Javier Veiga, María Vázquez, Luis Zahera... Si, si. E Camila Bossa. Pero no grupo protagonista estaban tamén Félix Gómez e Verónica Sánchez, andaluces... Bueno, o caso é que as expectativas eran máis altas. Pero á que lle teño máis agarimo é a *18 comidas*.

Tardou uns anos en facela... *18 comidas* foi todo o contrario ao meu primeiro filme, fíxena xa sen ningún medo ao erro: “Imos xogar e a facer algo que me apeteza e me motive moitísimo”. E resultou unha película pequeniña, pero que gocei monumentalmente, unha experiencia marabillosa. É unha peli con moita alma, moito corazón.

Aí díxose por primeira: “Si, son director, podo pensar en dedicarme a isto”? Totalmente. Gozaba a diario desa contorna creativa. Dalgunha maneira madurara como para deixar atrás eses medos, que nunca desaparecen do todo, pero aprendes a xestionalos para que non te atenacen. E supoño que dos erros se aprende. E ese erro de querer ser correcto xa non o vou a cometer nunca máis.